

**ANTEPROXECTO DE
LEI .../2007, DO DE..... DO
TURISMO DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2007

INDICE

TÍTULO I Disposicións xerais

- Art. 1 Obxecto e fins
- Art. 2. Ámbito de aplicación

TÍTULO II Organización e competencias da administración turística galega

- Art. 3 Administracións públicas competentes en materia de turismo
- Art. 4 Competencias da administración da Xunta de Galicia
- Art. 5 Competencias municipais
- Art. 6 Competencias das entidades locais supramunicipais
- Art. 7 Consello Regulador do Turismo de Galicia
- Art. 8 Rede galega de oficinas de turismo
- Art. 9 Comunidades galegas no exterior

TÍTULO III Dereitos e obrigas do usuario turístico

- Art. 10 Concepto de usuario turístico
- Art. 11 Dereitos dos usuarios turísticos
- Art. 12 Dereitos dos usuarios turísticos ante a Administración turística.
- Art. 13 Obrigas dos usuarios turísticos

TÍTULO IV Da ordenación xeral da actividade turística

- Art. 14 Recursos de interese turístico
- Art. 15 Territorios de preferente actuación turística
- Art. 16 Implicacións urbanísticas da actividade turística
- Art. 17 Da calidade turística
- Art. 18 Galicia como marca turística
- Art. 19 Marcas turísticas de calidade
- Art. 20 Outras denominacións xeoturísticas
- Art. 21 Concellos turísticos

TÍTULO V Da ordenación das empresas turísticas

Capítulo I Dos dereitos e deberes das empresas turísticas

- Art. 22 Concepto
- Art. 23 Dereitos dos empresarios turísticos
- Art. 24 Obrigas dos empresarios turísticos

Capítulo II Aspectos básicos para o desenvolvemento da actividade turística

- Art. 25 Liberdade de empresa
- Art. 26 Protección dos dereitos das persas na actividade turística.
- Art. 27 Protección do medio ambiente, a paisaxe e a cultura de Galicia
- Art. 28 Intrusismo profesional

Capítulo III Requisitos xerais para o establecemento de actividades empresariais turísticas

- Art. 29 Existencias de autorización turística
- Art. 30 Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia
- Art. 31 Inscripción no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas
- Art. 32 Réxime, comunicación e publicidade de prezos

Capítulo IV Das empresas de aloxamento turístico

- Art. 33 Concepto
- Art. 34 Modalidades da actividade de aloxamento
- Art. 35 Aloxamentos hoteleiros. Concepto e clasificación
- Art. 36 Apartamentos e vivendas turísticas
- Art. 37 Campamentos de turismo
- Art. 38 Establecementos de turismo rural
- Art. 39 Hoteis rurais
- Art. 40 Casas grandes e pazos
- Art. 41 Casas de aldea
- Art. 42 Albergues turísticos

Capítulo V Das empresas de restauración

- Art. 43 Empresas de restauración

Capítulo VI Das empresas de intermediación

- Art. 44 Concepto
- Art. 45 Clasificación

Capítulo VII Dos complexos turísticos

- Art. 46 Complexos turísticos vacacionais

Capítulo VIII Das empresas e actividades turísticas de servizos complementarios

- Art. 47 Concepto e requisitos
- Art. 48 Balnearios

TÍTULO VI Das profesións turísticas

- Art. 49 Concepto

Art. 50 Dos guías de turismo

Título VII Promoción e fomento do turismo

Capítulo I Disposicións xerais

Art. 51 Competencias e principios da actuación

Capítulo II Medidas de promoción e fomento

Art. 52 Medidas de promoción turística

Art. 53 Festas de interese turístico nacional galego

Art. 54 Fomento do turismo

Art. 55 Axudas e subvencións

Art. 56 Fomento dos estudos turísticos

Art. 57 Coordinación coa planificación turística

Título VIII Disciplina turística

Capítulo I Inspección turística

Art. 58 Ámbito de actuación da Inspección turística

Art. 59 Escala de Inspección turística

Art. 60 Funcións da Inspección turística

Art. 61 Facultades dos Inspectores de Turismo

Art. 62 Deberes dos titulares de actividades turísticas e do persoal ó seu servizo

Art. 63 Deberes do persoal dos servizos da Inspección turística

Art. 64 Coordinación interadministrativa

Art. 65 Documentación da actuación inspectora

Art. 66 Actas de inspección e de infracción

Art. 67 Pechamento de establecementos e suspensión de actividades

Capítulo II Réxime sancionador

Sección 1ª: Disposición xerais

Art. 68 Suxeitos responsables

Art. 69 Concorrenza de réximes sancionadores

Sección 2ª: Infraccións

Art. 70 Infraccións leves

Art. 71 Infraccións graves

Art. 72 Infraccións moi graves

Art. 73 Reincidencia

Art. 74 Prescrición das infraccións

Sección 3ª: Sancións

Art. 75 Determinación das sancións

Art. 76 Gradación das sancións

Art. 77 Publicidade das sancións

Art. 78 Inscripción das sancións

Art. 79 Prescrición das sancións

Art. 80 Órganos competentes para a imposición de sancións

Sección 4ª: Procedemento sancionador

Art. 81 Regulación do procedemento sancionador

Art. 82 Conciliación e subsanación

Art. 83 Incoación do procedemento sancionador

Art. 84 Medidas provisionais

Art. 85 Resolución do procedemento sancionador

Art. 86 Execución das resolucións sancionadoras

Título IX Da arbitrase

Art. 87 Mediación

Disposición adicional primeira. Consello Regulador do Turismo

Disposición adicional segunda. Concellos Turísticos

Disposición transitoria primeira. Adaptación dos establecementos turísticos ás novas categorías

Disposición transitoria segunda. Procedementos sancionadores iniciados antes da entrada en vigor da lei

Disposición derogatoria única

Disposición final primeira. Modificacións da Lei 9/2002, do 30 de decembro

Disposición final segunda. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario

Disposición final terceira. Entrada en vigor

Lei .../2007, do de do Turismo de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O turismo é unha actividade transversal que engloba diferentes sectores e profesións, en constante adaptación a unha realidade social cambiante e suxeita a unha forte competencia. Por iso unha lei que pretenda regular o turismo en Galicia debe ter en conta non só o propio potencial económico do mesmo na nosa Comunidade Autónoma, senón tamén os condicionantes que veñen de fóra, tanto pola competencia internacional como pola propia regulación da Unión Europea.

Uns simples datos poden dar unha idea cabal da súa importancia na economía galega. Cunha produción superior aos cinco mil millóns de euros o turismo representa preto do 12% do PIB galego, participación que aumenta no que se refire ao emprego, pois máis do 13% dos traballadores galegos traballan nos diversos sectores produtivos englobados baixo a denominación xenérica de turismo. Estes valores son moi similares aos que presenta o sector turístico noutros ámbitos territoriais máis amplos como poden ser España ou a Unión Europea, non sendo os problemas tampouco moi diferentes, consecuencia da progresiva globalización do sector.

De aí que os principais obxectivos desta nova lei coincidan plenamente cos establecidos na Comunicación da Comisión Europea de 17 de marzo de 2006, na que se recoñece, acorde coa renovada Estratexia de Lisboa do ano 2005, o potencial do turismo para xerar emprego e crecemento económico, o seu papel na preservación do patrimonio cultural e natural, así como a súa contribución ao diálogo intercultural e ao fortalecemento da propia identidade, aspectos todos eles tratados na presente lei. Conseguir eses obxectivos esixirá de toda a sociedade galega a plena conciencia de que o futuro do sector pasa por alcanzar un modelo de turismo sustentable, que, de acordo co aprobado polo Parlamento Europeo no ano 2005, comprende cando menos a garantía da súa viabilidade económica, un emprego de calidade, a implicación das comunidades locais, preservar a riqueza cultural e a diversidade biolóxica e asegurar a eficiencia no uso dos recursos, valores todos eles defendidos nesta lei.

Consecuencia do anterior é a importancia dada na presente lei á defensa dun turismo de calidade, única posibilidade de poder conseguir ganancias estables de competitividade no sector, pola mellora da produtividade e non pola artificial redución dos prezos. Trátase dunha aposta pola calidade que aproveite as vantaxes diferenciais da nosa oferta turística para conseguir un forte impacto no mercado, o que avalaría a utilización de Galicia como marca global. Esta estratexia precisa dun intenso esforzo pola profesionalización do sector, con axudas que posibiliten a renovación das infraestruturas, e dunha política de recursos humanos que aposte

decididamente pola formación dos traballadores e pola extensión no uso das novas tecnoloxías e dos idiomas, tal e como se recolle no texto da Lei.

A estratexia anterior é plenamente coherente coa máis firme defensa da nosa cultura e identidade propias, defensa polo tanto do patrimonio histórico-artístico, a lingua, a gastronomía, a artesanía, o folclore e todos aqueles aspectos que nos caracterizan e distinguen doutros territorios cos que inevitablemente debemos competir. Pero facer coñecer todo isto aos potenciais visitantes, que non debemos esquecer están repartidos por todo o mundo, implica a modernización da política de promoción e fomento do noso sector turístico, política que está chamada a converterse no principal soporte da renovación do sector que esta lei defende.

Por outra banda, e sen esquecer o papel director que lle corresponde á Administración Autonómica no desenvolvemento do sector, a Lei outorga un papel fundamental á cooperación interadministrativa, particularmente cos entes locais, e á cooperación co sector privado, no afán de estimular aqueles modelos de desenvolvemento turístico coherentes coa política deseñada para todo o territorio galego. Só desta maneira poderá incidirse positivamente na busca dunha maior diversidade da oferta, a través da segmentación da mesma, actuando de forma decidida na potenciación de subsectores como o do turismo rural, sector que resume como ningún outro a transversalidade do turismo e a complexidade de factores que nel inciden.

Todo o anterior pode resumirse no obxectivo irrenunciable da construción dun turismo sustentable, no que se integren a visión territorial, a ambiental, a cultural e a estritamente empresarial, na que se alcance a maior rendibilidade económica, pero tamén social, protexendo os recursos especialmente significativos polos seus valores ambientais, culturais ou paisaxísticos.

Para a creación dun entorno competitivo que favoreza a actividade empresarial e a creación de emprego, así como para a adecuada protección dos usuarios e dos recursos turísticos faise preciso un novo marco legal que supere as notables limitacións que amosou a Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia. Unha lei debedora do pasado no relativo á clasificación dos establecementos turísticos que confiou todo o seu potencial innovador ao desenvolvemento de plans que nunca foron aprobados e que, en consecuencia, non serviu de alicerce para un pleno desenvolvemento e dinamización do turismo.

Por todo isto, en desenvolvemento da competencia exclusiva que o artigo 27.21 do noso Estatuto de Autonomía atribúe a Galicia, entendeuse preciso aprobar unha nova Lei do Turismo que, superando as limitacións da anterior e tendo en conta os elementos positivos da mesma, sirva para situar ao noso país á vangarda nun sector estratéxico como é o turístico.

A presente lei está estruturada en nove títulos, que comprenden 87 artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións finais.

O Título I define o obxecto e fins da lei e o seu ámbito de aplicación. Preténdese adaptar a lexislación á realidade social imperante nun dos sectores económicos de maior importancia na nosa Comunidade, impulsando a profesionalización e autorregulación do sector, pero respectando e garantindo ó mesmo tempo os valores propios da cultura e da identidade galega e promocionando a Galicia como marca turística de calidade.

O Título II adícase á delimitación das competencias en materia de turismo, diferenciando as que corresponden á Xunta, ós concellos, ás administracións locais territoriais distintas dos concellos e, no seu caso, organismos autónomos, entidades de dereito público e empresas públicas. Esta regulación establece un soporte institucional que garante a eficacia no exercicio das competencias e a debida colaboración e coordinación entre as instancias que as teñan atribuídas.

Destaca neste Título a incorporación do Consello Regulador (ou de concertación) do Turismo de Galicia, que se define como un órgano desconcentrado dependente da Consellería competente en materia de turismo, e que pretende converterse no órgano de participación do sector na toma de decisións en materia de turismo, xa que neste órgano estarán representadas as asociacións máis representativas das empresas e dos profesionais do sector turístico.

Tamén se recolle neste segundo Título a Rede de Oficinas de Turismo e a posibilidade de subscribir acordos entre a Xunta e as entidades representativas das comunidades galegas no exterior.

O Título III está adicado ós usuarios turísticos, definidos como as persoas que utilizan ou reciben un servizo ou ben turístico como destinatarios finais. Recóllese na lei un catálogo de dereitos e obrigas dos usuarios, debendo vela-las administracións públicas competentes polo seu respecto e cumprimento.

No Título IV afróntase a ordenación da actividade turística, fixando conceptos esenciais para levala a cabo, como son os recursos de interese turístico ou os territorios de preferente actuación turística. Por outra banda, a Administración deberá procurar unha elevación da calidade dos servizos turísticos propondo e levando a cabo as actuacións pertinentes ó respecto e tendo en conta as implicacións urbanísticas que poidan ter as actuacións turísticas.

Na promoción dos recursos turísticos promoverase a proxección interior e exterior de Galicia como marca turística e global de calidade.

Neste Título tamén se contén a regulación dos concellos turísticos, fixando as condicións necesarias para obter esta denominación e os servizos que deberán prestarse neles.

O Título V aborda a ordenación da oferta turística. A pretensión da norma é configurar o marco xurídico dos servizos e establecementos turísticos e establece-las condicións básicas que deben reunir para respectar e protexer non só o medio ambiente, a paisaxe e a cultura galegas, senón tamén os dereitos e a dignidade das persoas que reciben estes servizos, sen que en ningún caso se vexa limitada a súa liberdade de empresa e tratando de protexerse contra o intrusismo profesional.

A continuación, igual que se facía cos usuarios turísticos, fíxase o elenco de dereitos e obrigas correspondentes ás empresas turísticas, definidas como as persoas físicas ou xurídicas que de xeito habitual e con ánimo de lucro, prestan servizos no ámbito da actividade turística.

A lei considera como establecementos turísticos os de aloxamento, restauración, intermediación e os complexos turísticos, se ben tamén recoñece o carácter turístico de determinadas actividades complementarias, tales coma salas de festas, campos de golf, actividades deportivas, balnearios...

Entre os requisitos esixidos para a realización da actividade turística, destaca sen dúbida a esixencia de autorización turística previa e a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, que segundo os casos será obrigatoria ou potestativa.

No Capítulo 4º do Título V regúlanse as empresas de aloxamento turístico, establecendo unha clasificación aberta que permite fixar regulamentariamente establecementos non contemplados na lei. Cómpre salientar que na presente lei se suprimiron categorías ata agora existentes, pero de pouca virtualidade práctica na nosa comunidade, coma eran os aloxamentos en réxime de aproveitamento por quendas.

Por outra banda, preténdese darlle un pulo ó turismo rural e ó agroturismo, en plena expansión no noso país, distinguindo dentro desta categoría hoteis rurais e casas de aldea, e permitindo a incorporación por vía regulamentaria doutras categorías.

En canto ás empresas de restauración, pasan a dividirse en dous grupos -restaurantes e bares-cafeiterías - fixándose regulamentariamente o seu concepto e categorías.

No capítulo adicado ás empresas de intermediación, inclúense as axencias de viaxe e centrais de reservas, incluído as que operan a través da internet. Faise referencia tamén ós complexos turísticos, figura non contemplada na normativa anterior, pero que a realidade impón a súa incorporación.

Xa que un dos obxectivos da lei é impulsa-la profesionalización do sector, no Título VI faise unha breve referencia ás profesións turísticas, referíndose especialmente ós guías turísticos, sendo obxecto de fixación regulamentaria as condicións de acceso, ámbito de actuación e demais requisitos precisos para o exercicio desta profesión.

No Título VII contémpanse as medidas para a promoción e fomento do turismo. Preténdese un impulso do turismo mediante a revitalización de costumes, festas e tradicións populares, incluso declarando algunhas como festas de interese turístico nacional galego. Tamén se busca desestacionalizar e diversifica-la oferta turística potenciando os diversos tipos de turismo existentes na nosa terra : o rural, o de costa, o termal, o náutico, o de congresos, o cultural....

Esta actividade de fomento reforzarase sobre todo a través de campañas de promoción e mediante a concesión de subvencións e axudas, pero tamén se considera importante a formación continúa dos traballadores do sector, razón pola que se impulsará a subscrición de acordos e convenios coas Universidades para a elaboración de programas e planos de estudos en materia turística.

O Título VIII actualiza a normativa existente sobre disciplina turística, facendo referencia por unha parte á inspección turística e por outra ó réxime sancionador, buscando a máxima eficacia e respecto á legalidade vixente, así como a máis escrupulosa garantía dos dereitos dos administrados. Como novidades mais salientables, ademais da actualización dos importes das sancións, homoxeneizase o prazo de prescrición das infraccións e sancións e fíxase unha nova infracción moi grave, a vulneración do dereito á intimidade dos clientes.

No título IX régúlase a mediación como medio de resolución de conflitos que poidan xurdir en materias reguladas na lei, podendo a Administración da Comunidade Autónoma mecanismos de mediación de conformidade co establecido na lexislación vixente sobre a materia.

A norma conclúe coa articulación dun réxime de Dereito transitorio respectuoso cos dereitos adquiridos polos afectados pola promulgación da nova lei.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro da Xunta e do seu Presidente, promulgo en nome de El Rey a Lei do Turismo de Galicia.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Art.1: Obxecto e fins

1. A presente lei ten por obxecto a ordenación do sector turístico galego, así coma o establecemento dos principios básicos en materia de planificación, promoción e fomento do turismo.

2. A Administración Autonómica acomodará as súas actuacións á consecución dos seguintes fins:

- a) A promoción e o estímulo dun sector turístico galego competitivo e de calidade.
- b) A promoción da cooperación interterritorial.
- c) O impulso da desestacionalización e diversificación da oferta turística.
- d) O establecemento de estándares que garantan a sustentabilidade do desenvolvemento turístico.
- e) O favorecemento da autorregulación do sector turístico.
- f) O impulso do turismo como medio de desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galega.
- g) A garantía e protección dos dereitos dos usuarios turísticos e dos seus deberes correspondentes.
- h) A erradicación da clandestinidade e da competencia desleal.
- i) O impulso da profesionalización do sector, mellorando a formación dos recursos humanos, en particular, no uso das novas tecnoloxías e nas competencias lingüísticas.
- l) O impulso dos programas de investigación e desenvolvemento turístico (I+D+T) que faciliten a incorporación das empresas turísticas galegas na sociedade do coñecemento.
- m) A promoción da distribución e comercialización dos recursos e das empresas turísticas dentro e fora do noso país, facilitando o seu acceso a novos mercados internacionais, en especial onde radiquen comunidades galegas no exterior.
- n) A promoción de Galicia como marca turística de calidade, garantindo o seu tratamento unitario na difusión interior e exterior dos recursos do país.
- o) O estímulo aos procesos de cooperación e asociacionismo entre as empresas e os profesionais dos distintos sectores turísticos.

Art. 2: Ámbito de aplicación

As disposicións da presente lei aplicaranse ós seguintes suxeitos:

- a) Administracións, organismos e empresas públicas vinculadas ó sector turístico.
- b) Empresas e establecementos turísticos.
- c) Profesionais turísticos.
- d) Calquera actividade, empresarial e non empresarial, que preste servizos relacionados co turismo e que sexa cualificada pola Administración turística con tal carácter.
- e) Usuarios turísticos, tanto persoas físicas coma xurídicas que contraten ou reciban os servizos prestados polos suxeitos dos apartados anteriores.

TÍTULO II

ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN TURÍSTICA GALEGA

Art. 3: Administracións Públicas competentes en materia de turismo

1. Ós efectos da presente lei, teñen a consideración de Administracións competentes en materia de turismo as seguintes:

- a) A Administración da Xunta de Galicia.
- b) Os concellos.
- c) As Administracións locais territoriais distintas dos concellos.

d) Os organismos autónomos e as entidades de dereito público constituídos por calquera das administracións indicadas, ou adscritos ás mesmas, para o exercicio das súas competencias turísticas.

2. As competencias das administracións turísticas mencionadas no apartado 1, sempre que non supoñan o exercicio de autoridade pública, poderán levarse a cabo a través de empresas públicas ou recorrendo a outras fórmulas de dereito privado, conforme ó establecido pola lexislación aplicable en cada caso.

Art. 4: Competencias da Administración da Xunta de Galicia

1. Correspóndenlle á Administración da Xunta de Galicia, entre outras, as seguintes atribucións:

- a) O desenvolvemento e a execución das medidas de ordenación e promoción do turismo determinadas pola presente lei.
- b) A protección e preservación dos recursos turísticos existentes e o fomento da creación ou a creación directa de novos recursos turísticos.
- c) A promoción e protección da imaxe de Galicia como marca turística.
- d) A declaración de recursos de interese turístico, a declaración de concellos turísticos, a declaración de territorios de preferente actuación turística e a creación e definición de denominacións xeoturísticas.
- e) A potenciación do ensino de turismo e da formación e perfeccionamento dos profesionais do sector.
- f) O exercicio das potestades administrativas de planificación, programación, fomento, inspección e sanción reguladas na presente lei, de forma exclusiva ou en colaboración con outras administracións.
- g) O sostemento do Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas de Galicia.
- h) A elaboración de estatísticas turísticas e estudos relacionados coa materia.

i) O exercicio de potestades administrativas vinculadas á protección das empresas turísticas legalmente constituídas e á defensa da súa actividade fronte ó intrusismo.

2. As atribucións especificadas no apartado 1 serán exercidas pola Consellería competente en cada caso, baixo a dirección e coordinación do Goberno.

Art. 5: Competencias municipais

Correspóndenlles ós concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

- a) A promoción e protección dos recursos turísticos de interese local.
- b) A declaración dos recursos turísticos de interese local e, se procede, a iniciativa para que sexan declarados recursos de interese turístico.
- c) A promoción da concesión de denominacións xeoturísticas e da declaración de interese turístico de lugares, bens e servizos situados dentro do seu territorio.
- d) A colaboración coa Administración da Comunidade Autónoma instrumentada a través de fórmulas cooperativas axeitadas como a consorcial.
- e) A participación no proceso de elaboración do plans de ordenación, promoción ou inspección turística de Galicia.
- f) O exercicio das competencias turísticas que lle delegue ou lles asigne a Administración da Xunta, de acordo co establecido pola lexislación de réxime local.

Art. 6: Competencias das entidades locais supramunicipais

1. Correspóndenlles ás entidades supramunicipais, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

- a) A promoción dos recursos e das marcas turísticas do seu ámbito territorial, en coordinación con tódolos entes locais afectados.
- b) O asesoramento e apoio técnico ós entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística.
- c) A articulación, coordinación e fomento das estratexias de promoción derivadas do ámbito privado do sector turístico.
- d) A participación na formulación dos instrumentos de planificación turística.

2. As entidades supramunicipais exercerán as súas competencias turísticas en coordinación co departamento da Xunta competente en materia de turismo e coas demais administracións turísticas do seu ámbito territorial.

3. Para unha adecuada coordinación entre as entidades supramunicipais e a administración da Xunta, deberán establecerse fórmulas de participación

recíproca que se consideren axeitadas nas entidades e organismos especializados que dependan das mesmas.

Art. 7: Consello Regulador do Turismo de Galicia

1. O Consello regulador do Turismo de Galicia é un órgano desconcentrado dependente da Consellería competente en materia de turismo encargado de colaborar cos órganos executivos da mesma no cumprimento da normativa aplicable en materia de turismo, así como na ordenación, fomento e control da calidade dos establecementos e servizos do sector.

2. En particular, correspóndelle:

a) Velar porque as clasificacións dos establecementos turísticos se adecúen á realidade económica e social. A estes efectos o Consello propondrá á Consellería competente a creación, modificación ou supresión de novos establecementos turísticos ou de categorías ou especialidades novas dentro dos xa existentes, en función das necesidades impostas pola realidade social e económica.

b) Favorecer o desenvolvemento dunha oferta turística galega de calidade, para o que lle corresponde a elaboración da regulamentación de marcas turísticas de calidade.

c) Informar sobre as normas e plans que se aproben en materia turística.

d) Propor cantas iniciativas considere pertinentes no ámbito das súas competencias.

e) Exercer cantas competencias lle atribúan as administracións turísticas de Galicia.

3. O Consello Regulador do Turismo de Galicia estará integrado por un Presidente elixido de entre os seus membros e un número máximo de 12 vocais que representarán ás administracións públicas con competencias en materia turística e ás asociacións mais representativas das empresas e dos profesionais do sector turístico.

Os cargos de vocais serán elixidos por un período de catro anos, podendo ser reelixidos. Os vocais deberán estar vinculados ós sectores que representan, ben directamente, ou por ser directivos de sociedades que se dediquen ás actividades que representan.

4. O réxime de elección dos membros do Consello, así como o funcionamento interno e as funcións correspondentes a cada un, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Art. 8: Rede Galega de Oficinas de Turismo

1. Son oficinas de turismo aquelas dependencias de titularidade pública ou privada abertas ó público en xeral nas que se facilite orientación, asistencia e información turística.

2. Co fin de de fomentar a imaxe de Galicia como marca turística e proporcionar unha información veraz, completa e homoxénea axeitada ás

necesidades dos visitantes, créase a Rede Galega de Oficinas de Turismo, integrada polas oficinas de turismo de titularidade da Xunta de Galicia e máis aquelas outras de titularidade pública o privada que se integren voluntariamente nela.

3. Tódalas oficinas de turismo integradas na Rede Galega de Oficinas de Turismo deberán cumprir os requisitos relativos á realización de actividades, prestación de servizos e identidade de imaxe que se determinen regulamentariamente.

Art. 9: Comunidades galegas no exterior

Co fin de facilitar a participación da Administración da Xunta no exterior en materia turística, poderanse subscribir acordos coas entidades representativas das comunidades galegas, ó consideralas como un vehículo preferente de promoción turística fóra das nosas fronteiras.

A Xunta garantiralles a estas comunidades a ás federacións e confederacións en que se agrupen, o acceso á información sobre as disposicións e a actividade dos seus órganos en materia de turismo, así como garantiralles a posibilidade de firmar convenios de colaboración coa Administración da Xunta para exercer a representación da mesma e presta-los servizos que se lles encomenden no ámbito da promoción turística de Galicia e, no seu caso, tamén poderán percibir axudas públicas fixadas pola Xunta.

TÍTULO III

DEREITOS E OBRIGAS DO USUARIO TURÍSTICO..

Art. 10: Concepto de usuario turístico

Son as persoas que utilizan ou reciben algún servizo ou ben turístico como destinatarios finais.

Art. 11: Dereitos dos usuarios turísticos

Os usuarios turísticos gozarán dos dereitos que a continuación se enumeran, con independencia doutros recoñecidos pola normativa xeral.

1. Dereito de información.
 - a) O usuario turístico ten dereito a recibir información comprensible, veraz, obxectiva e completa sobre as características e o prezo dos bens e servizos que se lle ofrecen antes de contratalos, sendo dita información vinculante para o oferente nos termos establecidos na lexislación protectora dos consumidores.
 - b) O usuario de servizos turísticos ten dereito a obter da outra parte contratante todos os documentos que acrediten os termos da contratación así como as facturas emitidas legalmente.
 - c) Toda información enganosa, mesmo a publicitaria, dará ó usuario o dereito a recibir a prestación ou servizo turístico nas condicións acordadas ou anunciadas ou ben a unha indemnización polos danos e prexuízos ocasionados.
2. Dereito á calidade dos bens e servizos adquiridos.

O usuario ten dereito á calidade do servizo, de acordo co tipo de establecemento e publicidade efectuada e nos termos do previsto no artigo 17.
3. Dereito á seguridade.
 - a) O usuario ten dereito á seguridade da súa persoa, de acordo co establecido na lexislación vixente.
 - b) O usuario ten dereito a ser informado polo empresario turístico, de calquera risco previsible que puidera derivarse do uso normal das instalacións e servizos tendo en conta a súa natureza e as circunstancias persoais que poidan concorrer no usuario.
4. Dereito á tranquilidade e intimidade.

O usuario ten dereito á tranquilidade de acordo coas características do establecemento de que se trate e do entorno no que este se atope.
5. Dereito a formular queixas e reclamacións.
 - a) O usuario ten dereito a formular queixas e reclamacións de acordo co establecido na presente lei. As empresas turísticas

están obrigadas a ter nos seus establecementos follas de reclamacións facilitadas pola Administración turística. A súa existencia deberá ser anunciada de forma visible e inequívoca e deberán ser entregadas ós clientes cando estes as soliciten e, de selo caso, previo pago dos servizos prestados. As características e o procedemento para a tramitación das follas de reclamacións determinaranse regulamentariamente.

- b) O usuario poderá solicitar e obter as actuacións pertinentes dos órganos arbitrais de acordo co establecido pola lexislación aplicable.

6. Dereito á non discriminación no acceso ós establecementos turísticos.

Será libre o acceso ós establecementos turísticos recollidos na presente lei, se ben poderá ser condicionado ó cumprimento dos regulamentos de réxime interno que, en ningún caso, serán contrarios ó disposto na presente lei e que deberán ser anunciados en lugar visible nas zonas de acceso ós establecementos.

Art. 12: Dereitos dos usuarios turísticos ante á Administración turística

1. O usuario ten dereito a obter da Administración pública competente, información obxectiva, veraz e completa sobre os distintos aspectos da oferta turística e dos servizos comprendidos na mesma, de acordo co establecido na lexislación vixente.
2. O usuario ten dereito a que a Administración pública competente garanta a efectividade de todos os dereitos inherentes á súa condición, procurando a máxima eficacia na atención e tramitación das súas queixas e reclamacións.
3. O usuario turístico poderá presentar as queixas e reclamacións dirixidas á Administración turística competente nas seguintes entidades:
 - a) No establecemento turístico de que se trate.
 - b) Nas oficinas de información turística da Rede galega de oficinas de turismo.
 - c) Nos rexistros da Administración turística competente.
 - d) En calquera dos rexistros habilitados polo artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común..

Art. 13: Obrigas dos usuarios turísticos

1. No desfrute dos servizos contratados o usuario deberá:
 - a) Respetar o entorno medioambiental, social e cultural.

- b) Pagar o prezo dos servizos contratados no lugar tempo e forma pactados, sen que a presentación dunha queixa ou reclamación sexa causa de exención.
 - c) Cumprir as prescricións e regras particulares dos lugares obxecto de visita e das empresas prestadoras do servizo turístico de que se trate, sempre que non sexan contrarias ó establecido na lexislación vixente.
 - d) Observar as normas usuais de educación, hixiene, convivencia social e respecto ás persoas, institucións e costumes dos lugares.
 - e) Respetar a dignidade e liberdade sexual das persoas coas que se relacione.
2. Os usuarios, no desfrute das actividades turísticas non poderán danar nin alterar os servizos e recursos turísticos, sendo responsables dos danos causados.

TÍTULO IV

DA ORDENACIÓN XERAL DA ACTIVIDADE TURÍSTICA.

Art. 14: Recursos de interese turístico

1. Son recursos de interese turísticos tódolos bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural que poidan xerar ou incrementar de xeito directo ou indirecto as correntes turísticas con repercusións económicas para Galicia.

2. Teñen a consideración de recursos de interese turístico xeral aqueles que posúen a capacidade de xerar correntes turísticas que contribúen a reforzar a imaxe de Galicia como marca turística global. En todo caso, terán este carácter os bens culturais e naturais protexidos pola administración autonómica ou por organismos internacionais ou estatais, e, en particular, o Camiño de Santiago, así como o conxunto do litoral galego.

3. Teñen a consideración de recursos turísticos de interese turístico local aqueles que, tendo a capacidade de xerar correntes turísticas, non poden ser clasificados como recursos de interese turístico xeral.

4. A declaración dun recurso como de interese turístico xeral ou local farase de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente e conlevará necesariamente a ordenación, promoción e protección do mesmo, así como a previsión dos recursos precisos para este fin. No caso dos recursos de interese turístico local corresponderá aos municipios afectados a súa declaración previo informe favorable da Xunta de Galicia.

5 . Correspóndelle a administración da Xunta de Galicia a competencia para inventariar os recursos de interese turístico de Galicia. Con este fin crearase un Rexistro de recursos de interese turístico de carácter público que será levado pola Consellería competente en materia de turismo.

Art. 15: Territorios de preferente actuación turística

1. Os territorios que polas súas especiais características demanden unha actuación específica e singular das administracións turísticas, co fin de garantir a execución dunha política turística común e especial, poderán ser declarados Territorios de preferente actuación turística.

2. A declaración como territorio de preferente actuación turística farase polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da Consellería competente en materia de turismo, polo procedemento que se estableza regulamentariamente.

3. Para que un territorio sexa declarado de preferente actuación turística será preciso que no mesmo concorran as seguintes circunstancias:

a) Que poida ser susceptible da execución dunha política turística común.

b) Que dispoña dos recursos turísticos de interese xeral.

c) Que o planeamento urbanístico prevea o solo preciso para a dotación dos equipamentos turísticos necesarios para a execución das políticas turísticas que se formulen.

d) Que a súa declaración non sexa incompatible con outros usos máis dignos de protección.

3. A declaración como Territorio de preferente actuación turística conlevará a aprobación dun Plan de actuación integral sobre o mesmo que se formalizará a través dun convenio entre a Consellería competente en materia de turismo, as entidades locais afectadas e as asociacións e organismos correspondentes. En todo caso garantirase a participación do Consello Regulador de Turismo.

4. O Plan de actuación integral terá como mínimo o seguinte contido:

a) A catalogación dos recursos de interese turístico existentes.

b) As propostas de reforma do planeamento urbanístico precisas para a dotación dos equipamentos turísticos.

c) A concreción dos usos turísticos previstos para o desenvolvemento do Plan.

d) Os recursos económicos precisos para o seu desenvolvemento.

e) Os prazos de execución dos programas de actuación turística previstos nos mesmo.

f) As medidas necesarias para garantir a adecuada protección dos recursos ambientais, culturais e patrimoniais existentes.

g) As previsións organizativas precisas para o seu desenvolvemento.

Art.16: Implicacións urbanísticas da actividade turística

1. O exercicio das facultades urbanísticas da Administración respectarán as determinacións da presente Lei e favorecerán a promoción e protección dos recursos turísticos, de acordo coa ordenación territorio e co obxectivo de garantir a utilización racional dos recursos do territorio e o desenvolvemento sustentable.

2. Os instrumentos de planeamento urbanísticos deben incluír medidas específicas para a protección dos recursos turísticos de acordo co previsto na lexislación sectorial correspondente.

3. O planeamento municipal definirá os volumes de edificabilidade máxima admisible nas parcelas destinadas a aloxamento turístico de acordo cos criterios que se determinen regulamentariamente. En todo caso, para a fixación destes criterios teranse en conta os usos turísticos das edificacións, as súas especiais características artísticas e históricas e as características do entorno.

Artigo 17: Da calidade turística

A administración turística galega velará por unha elevación da calidade dos servizos, o que se concretará, entre outras, nas seguintes accións:

- a) A corrección das deficiencias de infraestrutura, instalacións e equipamentos turísticos.
- b) A consecución dun trato adecuado na prestación dos servizos turísticos e hostaleiros.
- c) Facilitar unha maior profesionalización dos traballadores e traballadoras do sector, así como o seu acceso a unha formación continua.
- d) Apoiar a implantación de sistemas e controis de calidade.
- e) A elaboración de manuais de calidade, así como o deseño, difusión e incorporación de distintivos de calidade.
- f) En xeral, calquera acción pública ou apoio da iniciativa privada dirixida á obtención da excelencia na prestación das actividades turísticas.

Art. 18: Galicia como marca turística

1. Na promoción dos recursos turísticos promoverase a proxección interior e exterior de Galicia como marca turística global e de calidade que integra e respecta as demais marcas turísticas galegas.
2. No exercicio das funcións de coordinación que lle corresponden e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, a Administración da Comunidade Autónoma poderá declarar obrigatoria a inclusión do nome “Galicia” e dos logotipos e lemas que se establezan nas campañas de promoción impulsadas polas entidades locais galegas.

Art. 19: Marcas turísticas de calidade

Correspóndelle ao Consello Regulador do Turismo a elaboración da proposta de regulamento que deberá ser aprobado por Decreto da Xunta no que se determinen os requisitos e o procedemento para a obtención da marcas turísticas de calidade. Así mesmo, correspóndelle ao Consello Regulador do Turismo a revisión periódica dos criterios para a obtención da ditas marcas.

Art. 20: Outras denominacións xeoturísticas

1. A Xunta de Galicia, oídos os concellos afectados, poderá definir, crear e outorgar denominacións xeoturísticas a itinerarios turísticos ou rurais, a áreas concretas e a determinadas localidades, termos municipais ou comarcas que presenten especiais características que así o aconsellen para a promoción e ordenación da actividade turística.
2. As denominacións xeoturísticas poderán ser utilizadas para a promoción turística dos itinerarios ou zonas tanto por entidades públicas como privadas.
3. Na Consellería competente en materia de turismo existirá un Rexistro de Denominacións Xeoturísticas de Galicia, de natureza administrativa e

carácter público, no que se inscribirán nos termos que regulamentariamente se establezan as denominacións xeoturísticas que outorgue a Xunta de Galicia.

Art. 21: Concellos turísticos

1. Poderán ser declarados concellos turísticos aqueles que cumpran como mínimo unha das seguintes condicións:

- a) Que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ó 25 por cento do número de veciños e o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ó 50 por cento do número de veciños.
- b) Que o termo municipal inclúa unha área territorial que teña a cualificación de recurso de interese turístico.
- c) Os que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún evento ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística de visitantes nunha cantidade cinco veces superior á súa poboación.

As mencionadas condicións poden ser obxecto de desenvolvemento e concreción por vía regulamentaria.

2. Sen prexuízo dos servizos mínimos que se establezan con carácter xeral e das competencias que lle correspondan a outras administracións públicas, os concellos turísticos deben prestar os seguintes servizos:

- a) A protección da salubridade pública e da hixiene en todo o termo municipal, incluídas praias e costas.
- b) A protección civil e a seguridade cidadá.
- c) A promoción e protección dos recursos turísticos do termo municipal.
- d) A sinalización turística e de información xeral, de conformidade cos criterios de homoxeneización que se fixen regulamentariamente.
- e) A atención e a orientación ós usuarios turísticos, mediante unha oficina de información adherida á Rede de Oficinas de Turismo de Galicia, cos servizos e o réxime horario mínimo que se fixe regulamentariamente.
- f) A posta a disposición dos usuarios turísticos dun servizo de acceso a internet, de utilización puntual, na oficina de información turística ou noutros puntos de consulta abertos ó público.
- g) As funcións ambientais que lle correspondan de acordo coa normativa sectorial.

Os municipios turísticos deben prestar, ademais dos arriba indicados, os servizos mínimos que correspondan ó volume de poboación resultante de sumar o número de residentes coa media ponderada anual de poboación turística. Tamén poden establecer, de acordo coa lexislación de réxime local, e en función das súas necesidades, outros servizos complementarios, que poidan prestar temporalmente, ou con varias intensidades, en función da afluencia turística.

4. De acordo co establecido na lexislación de facendas locais, os concellos turísticos poden establecer tributos ou recargos específicos.

5. Os concellos turísticos e os suxeitos turísticos que prestan neles os seus servizos deben ser obxecto de atención preferente nos seguintes ámbitos:

a) A elaboración dos planos e programas turísticos das administracións turísticas supramunicipais.

b) As liñas e medidas de fomento económico establecidas pola administración da Xunta e as deputacións.

c) A declaración de áreas ou ámbitos de interese turístico nos que queden incluídos.

d) As actividades da Administración da Xunta dirixidas á promoción interior e exterior do turismo e ó fomento da imaxe de Galicia como oferta ou marca turística global.

e) As políticas de implantación ou mellora de infraestruturas e servizos que incidan notoriamente no turismo e sexan impulsadas polos distintos Departamentos da Administración da Xunta.

6. A perda da condición de concello turístico terá lugar nos seguintes supostos:

a) Se o solicita o concello interesado.

b) Se deixan de darse as circunstancias que o motivaron.

c) Se o concello non presta os servizos mínimos inherentes á condición de concello turístico.

7. Será obxecto de desenvolvemento regulamentario o procedemento para a aprobación da declaración de concello turístico, así como para a perda de tal condición, que nos supostos b) e c) do apartado anterior incluírá a audiencia ao concello afectado.

TÍTULO V

DA ORDENACIÓN DAS EMPRESAS TURÍSTICAS

CAPÍTULO PRIMEIRO

DOS DEREITOS E DEBERES DAS EMPRESAS TURÍSTICAS

Art. 22: Concepto

Son empresas turísticas as persoas físicas ou xurídicas que, de xeito habitual e con ánimo de lucro, prestan servizos no ámbito da actividade turística.

Art. 23: Dereitos dos empresarios turísticos

Os empresarios turísticos gozarán dos dereitos que a continuación se enumeran, con independencia doutros recoñecidos pola normativa xeral:

- a) Dereito a que se inclúa información sobre os seus establecementos e a súa oferta de actividades nos catálogos, directorios e guías, calquera que sexa o seu soporte, das Administracións públicas.
- b) Incorporarse ás actividades de promoción turística que leven a cabo as Administracións públicas, nas condicións por elas fixadas.
- c) Solicitar as axudas, subvencións e incentivos para o desenvolvemento do sector promovidos polas administracións públicas.
- d) Participar, a través das súas asociacións, no proceso de adopción de decisións públicas en relación co turismo e nos órganos colexiados representativos dos seus intereses previstos nesta lei.
- e) Impulsar, a través das súas asociacións, o desenvolvemento e a execución de programas de cooperación pública, privada e social de interese xeral para o sector turístico.
- f) Propor, a través das súas asociacións, a realización de estudos, investigacións e publicacións que contribúan á mellora do desenvolvemento da empresa turística na Comunidade Autónoma.
- g) Propor, a través das súas asociacións, calquera outra acción non contemplada anteriormente que poida contribuir ó fomento e desenvolvemento turístico.

Art. 24: Obrigas dos empresarios turísticos

Os empresarios turísticos estarán obrigados a :

- a) Contar coas autorizacións previstas nesta lei.
- b) Presta-los servizos ós que estean obrigados en función da clasificación das súas empresas e establecementos turísticos, nas condicións

ofertadas ou pactadas co turista, de conformidade co disposto na presente lei e nos regulamentos que se diten ó efecto.

- c) Velar polo bo estado xeral das dependencias e do mantemento das instalacións e servizos do establecemento e garantir un trato correcto ós clientes.
- d) Informar previamente con obxectividade e veracidade ós turistas sobre o réxime de servizos que se ofertan no establecemento, as condicións de prestación dos mesmos e o seu prezo e o pagamento do mesmo.
- e) Comunicar ó órgano competente, antes da súa aplicación, os prezos dos servizos ofertados e exhibilos nun lugar visible e de modo lexible, xunto co distintivo correspondente á clasificación do establecemento.
- f) Ter a disposición dos turistas follas de reclamación, facendo entrega dun exemplar cando lle sexa solicitado.
- g) Facturar detalladamente os servizos de conformidade cos prezos ofertados ou pactados.
- h) Dispor dos libros e demais documentos que sexan esixidos pola lexislación vixente.
- i) Facilitar, nos termos previstos polo ordenamento xurídico, a accesibilidade ós establecementos por parte das persoas discapacitadas.
- l) Proporcionar as Administracións Públicas a información e a documentación necesarias para o exercicio das súas atribucións legalmente recoñecidas.
- m) Subscribir os seguros de responsabilidade civil obrigatorios coas coberturas mínimas esixidas polos regulamentos de desenvolvemento desta lei, e estar ó corrente do pago das primas respectivas.

CAPÍTULO SEGUNDO

ASPECTOS BÁSICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA

Art. 25: Liberdade de empresa

O exercicio da actividade turística empresarial é libre, sen outras limitacións que as establecidas polas leis, baixo a forma de empresario individual ou colectivo, de conformidade coa lexislación civil e mercantil.

Art. 26: Protección dos dereitos das persoas na actividade turística

A configuración e divulgación dos paquetes turísticos ou a prestación doutros servizos turísticos por parte de empresas e actividades turísticas non poderán conter como elemento de reclamo a explotación sexual das persoas ou calquera outro aspecto que afecte á súa dignidade.

Art. 27: Protección do medio ambiente, a paisaxe e a cultura de Galicia

1. As actividades turísticas desenvolveranse con subxección ás disposicións sobre medio ambiente e conservación da natureza, con especial atención ás normas sobre residuos sólidos, sanidade e salubridade da auga, pureza do aire e do solo, conservación dos espazos naturais protexidos, defensa da flora e da fauna, particularmente a autóctona de Galicia, e sobre contaminación física, química, biolóxica ou acústica.

2. As empresas promotoras ou organizadoras de actividades turísticas serán responsables, nos termos sinalados na normativa xeral e sectorial de aplicación, dos danos que pola súa causa se ocasionen no aire, auga, solo, subsolo, fauna, flora ou calquera outro elemento do medio ambiente e da natureza, así como a alteración dos procesos ecolóxicos esenciais que puideran ter lugar, salvo que a responsabilidade sexa imputable a actuacións persoalísimas do usuario turístico, verificadas á marxe das actividades organizativas ou ós provedores dos bens utilizados, cando medie a dilixencia debida na súa manipulación.

3. Nos lugares de paisaxe aberta e natural de especial interese, sexa rural ou marítima, ou nas expectativas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicas u tradicionais, e nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, tamaño, altura dos edificios, muros e peches e a instalación doutros elementos limiten o campo visual para contemplar a beleza natural, rompan a harmonía da paisaxe e desfiguren a perspectiva propia do mesmo. Adoptaranse a estes efectos as medidas pertinentes nos correspondentes Planos de ordenación.

4. Tódalas actividades turísticas serán levadas a cabo respectando as costumes e tradicións galegas e a súa riqueza cultural, preservando o seu patrimonio histórico- artístico e natural e procurando a harmonía con outros sectores produtivos.

Art. 28: Intrusismo profesional

A realización ou publicidade por calquera medio de difusión das actividades das empresas turísticas sen estar en posesión da autorización preceptiva terá a consideración de intrusismo profesional e sancionarse administrativamente de conformidade co previsto na presente lei.

CAPÍTULO TERCEIRO**REQUISITOS XERAIS PARA O ESTABLECEMENTO DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS TURÍSTICAS****Art. 29: Esixencia de autorización turística**

1. As empresas turísticas, con anterioridade ó inicio das súas actividades, deberán solicitar da Administración turística competente a

correspondente autorización para o exercicio das mesmas e a clasificación, no seu caso, dos establecementos, de conformidade co procedemento regulamentariamente establecido. A mencionada autorización é independente doutras que deban ser concedidas por outros órganos, en virtude das súas respectivas competencias. En todo caso, para a concesión da autorización turística é imprescindible a previa obtención da licenza municipal de apertura.

2. As empresas turísticas de aloxamento que proxecten a construción ou modificación dun establecemento turístico deberán, antes de iniciar calquera tipo de obra e con anterioridade á obtención da correspondente licenza municipal de obras, solicitar da administración turística informe relativo ó cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura e servizos, que será emitido no prazo máximo de dous meses.

3. As empresas turísticas tamén deberán obter a pertinente autorización para a realización de calquera tipo de modificación ou reforma esencial que afecte ás condicións en que se outorgou a autorización e clasificación inicial, así coma nos casos nos que se produzan cambios no uso turístico ou na titularidade do establecemento.

4. O prazo de resolución das solicitudes de autorización mencionadas nos apartados anteriores será de tres meses, contados dende a entrada das mesmas no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Se transcorrido o mencionado prazo non tivo lugar a notificación dunha resolución expresa, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude.

5. As autorizacións e clasificacións outorgadas poderán ser modificadas ou revocadas cando se incumpran ou desaparezan as circunstancias que motivaron a súa concesión ou sobreveñan outras que, de existir naquel momento, xustificasen a súa denegación.

Art. 30: Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

1. O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas ten como obxecto fundamental elaborar e dispor dun censo exhaustivo das empresas e actividades turísticas regulamentadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, así como daquelas outras que sexan consideradas pola Administración turística de conveniente inscrición, debido á súa incidencia turística, aínda que non incumba a súa regulamentación a dita Administración, sempre que exerzan a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e soliciten a inscrición.

2. O Rexistro de Empresas e Actividades turísticas é un rexistro público, custodiado e xestionado pola Administración turística.

3. A Administración turística velará polo seu bo funcionamento, correspondéndolle a clasificación da documentación baixo a súa custodia, así como a expedición das certificacións que se soliciten.

Art. 31: Inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas

1. O Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas é un rexistro de natureza administrativa que ten por obxecto a inscrición dos establecementos turísticos, empresas turísticas, entidades turísticas non empresariais e calquera outro establecemento ou persoa que, pola súa actividade turística, así se estableza regulamentariamente.

2. A inscrición será obrigatoria para as empresas turísticas e os seus establecementos, para as entidades públicas non empresariais e para aquelas actividades turísticas que estean regulamentadas. Neste caso será precisa a obtención prevista da correspondente autorización da administración turística.

Potestativamente, poderán inscribirse no Rexistro outras actividades que polos seus servizos, instalacións ou interese para o turismo se consideren por vía regulamentaria suficientemente relevantes para ser incluídos na oferta turística.

En todo caso, a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades turísticas será requisito imprescindible para poder acceder a axudas e subvencións en materia de turismo.

3. As empresas que cesen na súa actividade turística deberán notificalo, no prazo de dez días, á administración turística, solicitando ó efecto a súa baixa.

A administración turística revocará, previa audiencia ós interesados, as autorizacións outorgadas a aquelas empresas e actividades turísticas que incumpran o deber establecido no parágrafo anterior, procedendo a continuación á cancelación da súa inscrición no Rexistro de empresas e Actividades turísticas.

4. Regulamentariamente fixaranse as normas de organización e funcionamento do Rexistro, o procedemento e contido das inscricións, así como a súa forma de acreditación.

Art. 32: Réxime, comunicación e publicidade de prezos

Os prezos de tódolos aloxamentos turísticos e dos establecementos de restauración teñen carácter de libres, podendo fixarse e modificarse polas empresas ó longo do ano, sen máis obriga que notificalos e sela-los ante a Administración turística. O selado tamén poderá ser realizado polas asociacións empresarias do sector turístico debidamente autorizadas.

Regulamentariamente estableceranse as normas sobre facturación, publicidade de prezos, réxime de reservas, cesión e anulación de servizos turísticos e as indemnizacións a que poidan dar lugar.

CAPÍTULO IV

DAS EMPRESAS DE ALOXAMENTO TURÍSTICO

Art. 33: Concepto

1. Son empresas de aloxamento turístico aquelas, de titularidade pública ou privada, que dende un establecemento aberto ó público se dedican, de maneira profesional, habitual e mediante contraprestación económica, a proporcionar hospedaxe de forma temporal ás persoas, con ou sen prestación doutros servizos.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación da presente lei as actividades de aloxamento que teñan fins institucionais, sociais, asistenciais, laborais, ou que se leven a cabo no marco de programas da Administración dirixidos á infancia e xuventude

Art. 34: Modalidades da actividade de aloxamento

O exercicio da actividade turística de aloxamento soamente se poderá levar a cabo previa obtención de autorización e/ou cualificación do establecemento nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Establecementos hoteleiros.
- b) Apartamentos e vivendas turísticas.
- c) Campamentos de turismo.
- d) Establecementos de turismo rural.
- e) Albergues turísticos.
- f) Calquera outra que se fixe regulamentariamente.

Art. 35: Aloxamentos hoteleiros. Concepto e clasificación

1. Terán a consideración de aloxamentos hoteleiros os establecementos turísticos que, ocupando un ou varios edificios próximos, ou parte deles, estean dedicados a dar hospedaxe ó público en xeral, con ánimo de lucro.

2. Dividiranse nos seguintes grupos:

- a) Hoteis.
- b) Residencias turísticas.

3. Terán a cualificación de hoteis aqueles establecementos que, ofrecendo aloxamento con o sen comedor e outros servizos complementarios, ocupen a totalidade dun ou varios edificios ou unha parte independizada dos mesmos, constituíndo as súas dependencias unha explotación homoxénea, con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo, e que reúnen os requisitos técnicos mínimos en función da súa categoría que se determinen regulamentariamente.

Os hoteis clasificaranse en cinco grupos identificados por estrelas, con arranxo ás condicións establecidas regulamentariamente, que contemplarán, entre outros criterios, os servizos ofertados, o confort, a capacidade de aloxamento, o equipamento das habitacións, as condicións das instalacións comúns, os servizos complementarios e o persoal de servizo.

4. Terán a cualificación de residencias turísticas aqueles establecementos que, ofrecendo aloxamento con ou sen comedor e outros

servizos complementarios, teñan unha estrutura e unhas características que lles impidan acadar os requisitos e condicións esixidos para os hoteis, estando sometidos ós requisitos técnicos mínimos que en función da súa categoría se fixen regulamentariamente.

Art. 36: Apartamentos e vivendas turísticas.

1. Teñen a condición de apartamentos turísticos os bloques ou conxuntos de apartamentos, as casas, bungalows, e outras edificacións semellantes, que oferten aloxamento turístico profesional e habitualmente, mediante contraprestación económica.

2. Tamén se incluírán dentro desta categoría a cesión por motivos vacacionais ou turísticos, mediante contraprestación económica, de unidades illadas de apartamentos, bungalows ou vivendas unifamiliares. En todo caso, o aloxamento comprenderá o piso completo ou a vivenda unifamiliar, non habitacións soltas, quedando prohibido expresamente o aloxamento en vivendas particulares.

3. As modalidades de apartamentos e vivendas turísticas, así como os requisitos que sirvan de criterios para a súa clasificación, serán fixados por vía regulamentaria.

Art. 37: Campamentos de turismo

1. Enténdese por campamento de turismo o establecemento turístico que, ocupando un espazo de terreo debidamente delimitado e dotado das instalacións e servizos que regulamentariamente se establezan, estea destinado a facilitar, mediante contraprestación económica, a estancia temporal en tendas de campaña, remolques habitables, caravanas ou calquera elemento semellante facilmente transportable, así como en cabanas de madeira e construcións fixas destinadas ó aloxamento temporal, sempre que se trate de edificacións independentes ou pegadas de planta baixa, que a superficie que ocupen non supere o límite establecido regulamentariamente e que sexan explotados polo mesmo titular do campamento.

2. Asemade, poderán construírse elementos fixos, de planta baixa unicamente, que teñan por obxecto satisfacer necesidades colectivas dos acampados, tales coma recepción, supermercado, restaurante ou bar, bloques de servizos hixiénicos e oficinas e as adicadas exclusivamente ó persoal de servizo. Este tipo de construcións non poderá exceder da porcentaxe de superficie total do campamento que se fixe regulamentariamente.

3. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente lei os campamentos xuvenís, albergues, centros e colonias de vacacións escolares, así como toda clase de acampadas que estean reguladas polas súas normas específicas.

4. Fixaranse regulamentariamente as categorías e os requisitos que sirvan de criterios para a súa clasificación.

Art. 38: Establecementos de turismo rural

1. Son considerados establecimientos de turismo rural aquelas edificacións situadas no medio rural que, polas súas especiais características de construción, emprazamento e tipicidade, prestan servizos de aloxamento turístico mediante contraprestación. En todo caso, os establecementos de turismo rural deberán estar situados en asentamentos tradicionais de poboación de menos de cincocentos habitantes, ou en solo de núcleo rural ou rústico, nos termos que resulten dos instrumentos de planeamento urbanístico en vigor.

2.- Os establecementos de turismo rural clasifícanse nos seguintes tipos:

- a) Hoteis rurais.
- b) Casas grandes e pazos.
- c) Casas de aldea.
- d) Outros fixados regulamentariamente.

3. Con independencia da modalidade de aloxamento de turismo rural adoptada, a especialidade de agroturismo será aplicable ós establecementos que estean integrados en explotacións agrarias, gandeiras ou forestais que, xuntamente á hospedaxe, oferten servizos xerados pola propia explotación.

4. Por vía regulamentaria fixaranse as condicións precisas para que un establecemento sexa clasificado en cada unha das modalidades indicadas no apartado segundo, así como o número máximo de prazas de aloxamento.

Dentro de cada unha das modalidades indicadas poderán establecerse especialidades, atendendo a características como a emprazamento en zonas determinadas, a tipoloxía arquitectónica, a antigüidade da edificación orixinaria, a obriga da persoa titular de residir na mesma explotación agraria ou na comarca, ou o número máximo de habitantes dos núcleos de poboación, tendo en conta o seu carácter rural, a actividade agroturística ou outras análogas.

Art. 39: Hoteis rurais

Son hoteis rurais os establecementos de turismo rural que reúnan as condicións xerais establecidas tanto na lei coma no regulamento para obte-la denominación de establecemento hoteleiro.

Art. 40: Casas grandes e pazos

Son casas grandes e pazos os establecementos de turismo rural situados en pazos, castelos, mosteiros, casas grandes, casas reitorais ou inmobles de singulares características ou valor arquitectónico, nas que se proporcione mediante prezo o servizo de aloxamento e eventualmente, outros servizos complementarios.

Art. 41: Casas de aldea

1. Son casas de aldea os establecementos de turismo rural as vivendas autónomas e independentes, coas características propias da arquitectura

tradicional galega da zona, nas que se proporcione mediante prezo o servizo de aloxamento e eventualmente, outros servizos complementarios.

2. A prestación de aloxamento turístico nas casas de aldea axustarase a algunha das seguintes modalidades:

a) Contratación individualizada de habitacións dentro da propia vivenda unifamiliar, incluíndo o almorzo.

b) Contratación dun grupo independente de habitacións.

c) Contratación íntegra do inmoble para uso exclusivo do contratante, en condicións, equipo, instalacións e servizos que permitan a súa inmediata utilización. Nos casos en que o titular non xestione directamente o aloxamento, deberá designar un encargado que facilite o aloxamento e resolva cantas incidencias poidan xurdir cos usuarios.

Art. 42: Albergues turísticos

Son albergues turísticos os establecementos que, nos termos previstos regulamentariamente, ofrezan ao público en xeral, de xeito habitual, profesional e mediante prezo, o servizo de aloxamento por praza en habitacións de capacidade múltiple.

CAPÍTULO V DAS EMPRESAS DE RESTAURACIÓN

Art. 43: Empresas de restauración

1. Son empresas de restauración as adicadas de forma habitual e profesional a subministrar en establecementos, fixos ou provisionais, abertos ó público en xeral, comidas e bebidas para ser consumidas no propio local ou noutro lugar

2. Quedan fora do ámbito de aplicación da presente lei:

a) Aquelas que presten servizo de comida e bebida con carácter gratuíto e sen ánimo de lucro.

b) As que sirvan comidas e bebidas a continxentes particulares, sempre que non estean abertas ó público en xeral.

c) Os servizos de restauración en aloxamentos hoteleiros, sempre que a súa explotación non sexa independente do aloxamento e non estea aberta ó público en xeral.

d) As que sirvan comidas e bebidas a domicilio no que á prestación deste servizo domiciliario se refire.

e) As que presten este servizo en medios de transporte públicos.

f) As empresas que sirvan comidas e bebidas a través de máquinas expendedoras.

g) As empresas que sirvan comidas e bebidas de xeito ambulante, é dicir, fóra dun establecemento comercial en postos ou instalacións desmontables, así como en vehículos.

3. As empresas de restauración clasifícanse nos seguintes grupos:

- a) Restaurantes.
- b) Bares-cafeterías.

4. Regulamentariamente definiranse cada un dos grupos e categorías dos establecementos de restauración.

CAPÍTULO VI DAS EMPRESAS DE INTERMEDIACIÓN

Art. 44: Concepto

Son empresas de intermediación turística as adicadas profesional e comercialmente ó exercicio de actividades de mediación e organización de servizos turísticos, podendo utilizar medios propios para levalo a cabo.

Art. 45: Clasificación

1. As empresas de intermediación clasifícanse en:

- a) Axencias de viaxe.
- b) Centrais de reserva.

2. Regulamentariamente fixaranse os requisitos a cumprir polas empresas para integrarse en cada categoría, poñendo especial atención nas entidades que prestan este tipo de servizos a través de internet.

CAPÍTULO VII DOS COMPLEXOS TURÍSTICOS

Art. 46: Complexos turísticos vacacionais.

1. Enténdese por complexos turísticos vacacionais aqueles establecementos que, ademais de prestar aloxamento nunha ou en varias das modalidades previstas nesta lei, complementan a súa oferta con actividades turísticas de servizos complementarios das previstas no Capítulo VIII.

2. Regulamentariamente estableceranse os requisitos e categorías dos complexos turísticos.

CAPÍTULO VIII

DAS EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Art. 47: Concepto e requisitos

1. Son empresas ou actividades turísticas de servizos complementarios aquelas que teñen por obxecto a realización de actividades consideradas pola administración como de interese para o turismo ou directamente relacionadas con el, tales como:

- a) Salas de festa, discotecas, salas de espectáculo e de baile.
- b) Festas, atraccións, espectáculos, actividades recreativas, de animación ou de esparexemento ao aire libre.
- c) Actividades deportivas e de aventura ou natureza.
- d) Empresas relacionadas co turismo náutico.
- e) Campos de golf.
- f) Empresas de transporte turístico ou de aluguer de vehículos.
- g) Centros de ocio u similares.
- h) Asociacións, federacións ou confederacións de empresarios ou profesionais.
- i) Empresas ou actividades adicadas á valorización do patrimonio histórico-artístico e cultural.

2. A realización destas actividades poderá comunicarse á Administración turística a efectos da súa inscrición no correspondente rexistro.

3. A constancia rexistral desta actividade non suplirá as autorizacións sectoriais que resulten preceptivas en cada caso, se ben será precisa para a súa consideración como empresas ou actividades turísticas a tódolos efectos.

4. Regulamentariamente poden fixarse os requisitos esixidos para o desenvolvemento destas actividades.

Art. 48: Balnearios

As empresas ás que se refire a Lei 5/1995 de regulación de augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os centros de talasoterapia, spas e outros establecementos que dispoñan de instalacións complementarias turísticas, estarán sometidos á presente lei en todo o relativo ás actividades turísticas que leven a cabo.

TÍTULO VI

DAS PROFESIÓN TURÍSTICAS

Art. 49: Concepto

Considéranse profesións turísticas as relativas á prestación, de xeito habitual e retribuído, de servizos específicos nas empresas turísticas e, en particular, as tendentes a procurar o descubrimento, conservación, promoción, información, coñecemento e goce dos recursos turísticos que sexan cualificadas como tales por esta Lei.

Art. 50: Dos guías de turismo

1. A actividade profesional do Guía de Turismo terá por obxecto a prestación, de xeito habitual e retribuída, de servizos de asistencia, acompañamento e información en materia cultural, artística, histórica e xeográfica aos turistas nas súas visitas a museos e aos bens ou espazos de interese cultural e nacional que integran o Patrimonio Histórico situado no ámbito territorial de Galicia.

2. Determinaranse regulamentariamente as condicións de acceso, ámbito de actuación e demais requisitos precisos para o exercicio da profesión de guía. En todo caso, a habilitación para o exercicio da profesión de guía terá unha duración máxima de cinco anos, debendo ser renovada de acordo cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

TÍTULO VII PROMOCIÓN E FOMENTO DO TURISMO

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Art. 51: Competencias e principios de actuación

1. Corresponde á Xunta de Galicia a promoción e o fomento interior e exterior do turismo de Galicia, sen prexuízo da participación das entidades locais e das competencias do Estado.

2. A promoción da oferta turística de Galicia, coordinando as accións e fomentando as actividades do sector turístico galego, realizarase a través do centro directivo correspondente da Consellería competente en materia de turismo, do Consello Regulador do Turismo e das empresas públicas “Turgalicia, S.A.” e “Xacobeo, S.A.”. Regulamentariamente determinaranse os requisitos para que outras entidades públicas ou privadas poidan colaborar no exercicio desta función pública.

3. As actuacións en materia de promoción e fomento do turismo de Galicia rexeranse polos principios de eficacia e economía de medios.

CAPÍTULO II MEDIDAS DE PROMOCIÓN E FOMENTO

Art. 52: Medidas de promoción turística

1. A Xunta de Galicia adoptará en materia de promoción do turismo as medidas máis axeitadas para potenciar e promociona-la imaxe de calidade de Galicia como destino turístico.

2. As actuacións promocionais comprenderán:

a) O deseño e a execución de campañas de promoción turística de Galicia.

b) A participación en feiras e certames relacionados co sector turístico.

c) A concertación de accións conxuntas de promoción turística con outras Comunidades Autónomas, coa Administración Xeral do Estado e coas Administracións doutros Estados, en especial a República Portuguesa no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Art. 53: Festas de interese turístico nacional galego

A Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico nacional galego aquelas manifestacións que supoñan unha valoración da cultura e das

tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente en función da antigüidade, singularidade ou arraigamento do acontecemento.

Art. 54: Fomento do turismo

1. A Administración turística da Comunidade Autónoma elaborará programas para a potenciación da oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan acadar, entre outros, os seguintes obxectivos:

a) O impulso do turismo como medio de desenvolvemento dos valores propios da cultura e da identidade galegas, mediante a posta en valor do patrimonio turístico galego, revitalizando costumes, festas, tradicións populares e demais recursos turísticos, restaurando o patrimonio histórico, artístico e cultural e preservando e potenciando o medio natural. Para estes efectos, a Administración turística outorgará preferencia ós proxectos e accións naqueles municipios que adopten medidas tendentes á conservación, potenciación e posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.

b) A diversificación da oferta turística, potenciando a segmentación da mesma mediante o apoio ó desenvolvemento de:

1º) Turismo rural e de interior, como sectores turísticos alternativos de calidade, fomentando así a rehabilitación e conservación da riqueza histórico-artística do ámbito rural e tamén os seus atractivos medioambientais.

2º) Turismo de costa, aproveitando a cantidade e pluralidade da oferta turística galega vinculada a este sector e fomentando a preservación da calidade das augas e praias galegas, así como a paisaxe e o medio ambiente litoral.

3º) Turismo cultural, aproveitando a importante riqueza histórica e cultural de Galiza e fomentando a súa conservación e posta en valor.

4º) Turismo de convencións e congresos.

5º) Turismo náutico.

6º) Turismo termal en establecementos balnearios.

7º) Turismo activo vinculado con todo tipo de actividades deportivas e de contacto coa natureza.

8º) Calquera outro segmento emerxente no marco da continua evolución e cambios do mercado turístico.

c) A modernización e profesionalización do sector turístico e das súas infraestruturas, estimulando a mellora da calidade e da competitividade da oferta turística, mediante as seguintes accións:

1º) O impulso das agrupacións de empresas e as actuacións empresariais conxuntas que posibiliten a mellora da produtividade mediante a diminución de custos, prestacións de servizos en común ou outras accións análogas.

2º) O apoio á modernización e mellora das infraestruturas das empresas a través da renovación e dotación das súas instalacións, introdución de novos equipos ou substitución dos xa obsoletos e implantación de servizos complementarios das súas ofertas turísticas, así como o fomento da elevación da categoría dos establecementos turísticos.

3º) O incentivo do crecemento selectivo e cualitativo da oferta turística como medida para mellora-la súa competitividade, adecuándoo á demanda do mercado.

4º) A contribución á realización de actividades consistentes na elaboración de estudos, publicacións e investigacións sobre o sector turístico.

5º) A potenciación das actuacións das entidades locais en materia de turismo relativas á dotación de infraestruturas, equipamentos ou servizos de interese turístico, así como á promoción dos seus recursos turísticos. Así mesmo, potenciarase a agrupación de esforzos dos concellos que permitan configurar áreas comarcais cunha oferta turística complementaria e integrada.

2. Promoveranse especialmente os programas de iniciativa pública ou privada tendentes a protexe-lo medio ambiente natural das zonas turísticas e a garanti-la sustentabilidade do desenvolvemento turístico, así como os que favorezan a desestacionalización da oferta turística.

Art. 55: Axudas e subvencións

1. A Administración turística poderá, de acordo coa normativa aplicable, establecer liñas de axuda e outorgarlles subvencións ás empresas turísticas, ás entidades locais e a outras entidades e asociacións como medidas para estimula-la realización das accións fixadas nos programas de promoción e fomento do turismo.

2. A concesión de subvencións a todo tipo de entidades para a recuperación, restauración e rehabilitación de bens de interese turístico, sexan culturais, históricos, arqueolóxicos, artísticos ou doutro tipo, que poidan producir fluxos turísticos levará sempre aparelada a esixencia inescusable de asegura-lo acceso a eles dos usuarios nas condicións que se determinen, expresada ben na disposición normativa que anuncie as ditas subvencións ou a través do correspondente convenio de colaboración.

3. A concesión das axudas e subvencións previstas no presente artigo respectará os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, así como as normas xerais sobre a libre competencia e o Dereito da Unión Europea.

Art. 56: Fomento dos estudos turísticos

1. A Administración turística propiciará a unificación de criterios na programación dos estudos de formación regrada e ocupacional do sector turístico e promoverá o acceso á formación continua dos traballadores ocupados do sector. Así mesmo, apoiará a formación turística destinada á

adquisición de novos coñecementos e tecnoloxías e a formación de formadores.

2. A Administración turística impulsará a subscrición de acordos e convenios coas Universidades para a elaboración de programas e plans de estudos en materia turística.

Art. 57: Coordinación coa planificación turística

Tódalas accións de promoción e fomento ás que fai referencia este capítulo desenvolveranse no marco dos plans e proxectos de ordenación turística ós que fai referencia a presente Lei.

TÍTULO VIII DISCIPLINA TURÍSTICA

CAPÍTULO I INSPECCIÓN TURÍSTICA

Art. 58: Ámbito de actuación da Inspección turística

1. Corresponde ós Inspectores de Turismo a verificación e o control do cumprimento das obrigas impostas por esta Lei e a demais normativa turística aplicable.

2. Co fin de garantir unha adecuada planificación da actividade inspectora e de garantir a consecución dos obxectivos de calidade e excelencia da actividade turística, anualmente a Consellería competente en materia de turismo aprobará un Plan de Inspección Turística.

3. No Plan de Inspección estableceranse os obxectivos da actuación inspectora, os establecementos obxecto da mesma e o seu ámbito xeográfico e temporal.

Art. 59: Escala de Inspección turística

1. Para o exercicio das actividades de inspección turística existirá, dentro do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia, Grupo A, a Escala Superior de Inspección Turística.

2. A estrutura, dependencia e funcionamento orgánico da Escala de Inspección Turística serán establecidos regulamentariamente. Asemade, regulamentariamente se determinará a relación que deberá existir entre o número de Inspectores e as zonas obxecto de inspección, ó efecto de fixa-lo número de prazas con que contará a Escala que, en todo caso, debe ser suficiente para garantir un control eficaz e eficiente da actividade turística.

Art. 60: Funcións da Inspección turística

Son funcións da Inspección turística:

a) A vixilancia e a comprobación do cumprimento da normativa vixente en materia de turismo e, en particular, da existencia das infraestruturas e a dotación dos servizos obrigatorios esixidos pola mesma.

b) A investigación dos feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa consonte ó previsto na presente Lei.

c) O asesoramento ós suxeitos que desenvolven actividades turísticas sobre o cumprimento e a aplicación da normativa vixente.

d) A emisión dos informes técnicos que lle solicite a Administración turística, en particular nos seguintes casos:

1º) Apertura e clasificación de novos establecementos e instalacións turísticas e demais autorizacións necesarias para o funcionamento das empresas turísticas, así como para as modificacións, cambios de actividade e reclasificacións.

2º) Control da execución das actividades subvencionadas e vixilancia do cumprimento das condicións requiridas ou dos convenios asinados que motivaron a concesión de subvencións por parte da Administración turística.

3º) Estado das infraestruturas turísticas.

e) Todas aquelas outras funcións que regulamentariamente se lle atribúan dentro do seu ámbito de actuación definido por esta Lei.

Art. 61: Facultades dos Inspectores de Turismo

1. Os Inspectores de Turismo terán a consideración de axentes da autoridade, coas facultades e a protección que lles confire a normativa vixente.

2. O persoal inspector estará provisto dunha acreditación coa que se identificará no desempeño das súas funcións.

3. Cando o consideren preciso para o exercicio das súas funcións, os Inspectores de Turismo poderán solicitar o apoio, concurso, auxilio e protección que necesiten doutras Administracións Públicas.

4. Para o exercicio da súas funcións, os Inspectores de Turismo poderán:

a) Efectuar visitas de comprobación.

b) Examinar a documentación dos suxeitos que desenvolven actividades turísticas e que estea relacionada con ditas actividades.

c) Realizar citacións a estes suxeitos ou ós seus representantes, nas que constará a data, lugar, hora e obxecto da comparecencia, así como os efectos de non atendelas.

Art. 62: Deberes dos titulares de actividades turísticas e do persoal ó seu servizo

1. Os titulares de actividades turísticas, os seus representantes legais e empregados debidamente autorizados, ou, no seu defecto, as persoas que se atopan á fronte da actividade no momento dunha inspección, teñen a obriga de lles facilitar ós Inspectores de Turismo o acceso ás dependencias e instalacións, o exame dos documentos, libros e rexistros preceptivos relacionados coa actividade turística e a obtención de copias ou reproducións desta documentación, así como a comprobación de cantos datos sexan precisos para os fins da inspección.

2. Nos establecementos onde se realice unha actividade turística deberá existir un Libro de Visitas da Inspección turística á disposición dos Inspectores de Turismo, coas características que regulamentariamente se determinen, no que se reflectirán as inspeccións que se leven a cabo e as súas circunstancias.

3. Se por requirimento da Administración turística se tivese que presentar algún documento, levantarase a correspondente dilixencia de entrega, que deberá ser asinada por persoa con facultade para representar ó titular do documento.

Art. 63: Deberes do persoal dos servizos da Inspección turística

1. O persoal dos servizos da Inspección turística deberá gardar segredo e sxiilo profesional sobre o obxecto das súas funcións.

2. No exercicio das súas funcións, a Inspección turística gardará cos administrados a maior consideración e cortesía, e informaraos dos seus dereitos e dos seus deberes, así como da conduta que deben seguir nas súas relacións coa Administración turística, para facilitárlle-lo cumprimento das súas obrigas.

43

Art. 64: Coordinación interadministrativa

1. A Inspección turística poñerá en coñecemento dos órganos administrativos correspondentes as deficiencias e posibles infraccións detectadas no curso das súas actuacións que incidan no ámbito competencial doutros departamentos ou Administracións Públicas.

2. As deficiencias e posibles infraccións en materia turística detectadas polos inspectores ou funcionarios doutros servizos da Xunta de Galicia ou das entidades locais seranlle comunicadas á Administración turística, que actuará no ámbito das súas competencias.

Art. 65: Documentación da actuación inspectora

1. Tódalas actuacións da Inspección turística documentaranse en actas, dilixencias, comunicacións e informes.

2. As actas e dilixencias estendidas pola Inspección turística teñen a natureza de documentos públicos e, se reúnen os requisitos establecidos por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, constituirán proba suficiente dos feitos que motiven a súa formalización, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses podan sinalar ou aportalos interesados.

Art. 66: Actas de inspección e de infracción

1. Os resultados da función inspectora de vixilancia e comprobación do cumprimento da normativa turística vixente serán recollidos na acta de inspección correspondente, na que se consignarán, ademais dos datos identificativos do suxeito e a actividade inspeccionada, a referencia expresa dos feitos constatados e cantas circunstancias contribúan á súa mellor determinación e valoración.

2. A acta de inspección será levantada en presenza do titular da actividade, do seu representante ou, se é o caso, de calquera persoa

dependente daquel. De non haber persoa ante a cal se poida levanta-la acta, farase constar esta circunstancia por dilixencia e repetirase a inspección en momento distinto.

3. Cando a Inspección turística estime que os feitos ou comportamentos que deron lugar á inspección poden ser constitutivos de infracción administrativa, deberase facer constar nunha acta de infracción, na que se describirán os feitos e os preceptos normativos que se consideren vulnerados.

4. Os interesados ou os seus representantes poderán facer cantas alegacións ou aclaracións estimen convenientes para a súa defensa, que se reflectirán na acta correspondente.

5. As actas terán que ser asinadas polo Inspector actuante e polo titular da actividade ou o seu representante, ou, no seu defecto, pola persoa que nese momento estea á fronte da actividade. Se as persoas mencionadas se negasen a asina-la acta, o Inspector fará constar esta circunstancia, así como os motivos manifestados, se os houbese, mediante a oportuna dilixencia.

6. O asinamento da acta levantada acreditará o coñecemento do seu contido e en ningún caso implicará a súa aceptación.

7. A acta de infracción estenderase para os efectos de iniciación do expediente sancionador oportuno e no mesmo acto entregárase unha copia dela ó titular da actividade ou ó seu representante. Se o inspeccionado refusase a copia da acta, o inspector fará constar mediante dilixencia, así como os motivos da negativa, se os houbese.

8. A entrega da copia da acta ou a negativa a recibila, documentada mediante a correspondente dilixencia, considerárase como notificación do resultado da inspección e abrirá un prazo de dez días para que o inspeccionado formule as alegacións que estime procedentes.

Art. 67: Pechamento de establecementos e suspensión de actividades

1. Se mediante a correspondente inspección se constatase o desenvolvemento dunha actividade turística sen contar co preceptivo título administrativo habilitante, a Inspección turística comunicará esta circunstancia ó órgano competente para o outorgamento de dito título, ó efecto de que este adopte, previa audiencia do interesado, a medida de pechamento do establecemento ou suspensión da actividade. A medida poderá levantarse provisionalmente cando se inicie a tramitación do procedemento para obter o preceptivo título administrativo habilitante.

2. Se mediante a correspondente inspección se constatase o desenvolvemento dunha actividade turística de xeito que se produza un grave risco para a saúde ou a seguridade dos consumidores ou usuarios, a Inspección turística adoptará con carácter urxente a medida de pechamento do establecemento ou suspensión da actividade, e dará traslado do expediente ó órgano competente para a tutela do interese público afectado. Este deberá confirmar, modificar ou levanta-la medida, previa audiencia do titular da actividade, no prazo dos quince días seguintes á súa adopción.

3. As medidas previstas neste artigo son independentes das consecuencias sancionadoras que, consonte á presente Lei e outras que sexan de aplicación, poidan seguirse dos feitos que as motivaron.

CAPÍTULO II

RÉXIME SANCIONADOR

Sección 1ª

Disposicións xerais

45

Art. 68: Suxeitos responsables

1. Serán responsables administrativamente das infraccións en materia de turismo as persoas físicas e xurídicas que realicen actividades comprendidas no ámbito de aplicación da presente Lei ás que lles sexan imputables as accións ou omisións tipificadas como infraccións pola mesma.

2. Os titulares de actividades turísticas serán responsables administrativamente das infraccións cometidas polo persoal afecto ó seu servizo cando non se lle poida imputar directamente a este a responsabilidade pola acción ou omisión cometida.

Art. 69: Concorrenza de réximes sancionadores

1. Non se poderán sanciona-los feitos que tivesen sido sancionados penal ou administrativamente, nos casos nos que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. Se da investigación dos feitos constitutivos das infraccións tipificadas na presente Lei se obtivesen indicios de que estes puidesen constituír delito ou falta, paralizarse o procedemento e darase conta á autoridade xudicial competente, sen prexuízo da adopción das medidas provisionais oportunas.

Sección 2ª

Infraccións

Art. 70: Infraccións leves

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve:

a) Incumprilas obrigas formais expresamente impostas pola presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento e, en particular:

1º) Non dispoñer materialmente dos documentos esixidos pola normativa turística para o exercicio das actividades, así como non observar na devandita documentación as condicións esixidas.

2º) Incumpri-lo deber de exhibir os distintivos, os carteis, a lista de prezos e a documentación esixida pola normativa turística, así como exhibilos sen as formalidades requiridas.

3º) Non comunicar á Administración turística os cambios de titularidade das actividades, os prezos e aquelas alteracións no exercicio das actividades que non requiran autorización expresa, así como facelo fóra dos prazos establecidos.

4º) Expedir sen os requisitos esixidos pola normativa turística as facturas ou os xustificantes de cobro polos servizos prestados, así como non conservalos correspondentes duplicados durante o tempo establecido regulamentariamente.

5º) Non dispoñer de follas de reclamación.

6º) As accións ou omisións que, no tocante ao labor inspector, impliquen un mero atraso no cumprimento das obrigas de comunicación e información.

b) As deficiencias na prestación dos servizos debidos ou nos termos contratados, cando non lle causen un grave prexuízo ó cliente.

c) Non posuír persoal habilitado legalmente para o exercicio dun posto de traballo, cando así o esixa a normativa aplicable.

d) As deficiencias na atención e no trato á clientela por parte do persoal da empresa ou do establecemento cando non constitúan infracción grave ou moi grave, incluídas as que supoñan unha vulneración do seu dereito á tranquilidade de acordo coas características do establecemento de que se trate e do entorno no que este se atope.

e) As deficiencias nas condicións de funcionamento e limpeza dos locais, instalacións, mobiliario e equipamento e a falta de decoro dos establecementos, fachadas e inmediacións do inmovible que formen parte da explotación.

f) As deficiencias nas dependencias ou instalacións destinadas aos traballadores do establecemento.

g) Permiti-la venda ambulante ilegal de obxectos no establecemento.

h) Calquera outro incumprimento das obrigas expresamente impostas por esta Lei que non estea tipificado como infracción grave ou moi grave.

Art. 71: Infraccións graves

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave:

a) Realizar actividades turísticas sen o título administrativo habilitante esixido pola normativa aplicable.

b) Incumprir ou altera-las circunstancias que motivaron o outorgamento do título administrativo habilitante para o exercicio da correspondente actividade.

c) Utilizar denominacións, rótulos ou distintivos diferentes aos que correspondan segundo a normativa turística.

d) Efectuar modificacións da estrutura, capacidade ou características dos establecementos sen a previa autorización da Administración turística cando esta sexa preceptiva.

e) Carecer das dependencias ou instalacións para os traballadores esixidas pola normativa vixente.

f) A obstrución á inspección ou a negativa a facilitar a información requirida polos Inspectores.

g) Usar marcas ou denominacións xeoturísticas que non correspondan ou incumpran as condicións regulamentariamente establecidas.

h) Os cambios substanciais ou o incumprimento na prestación dos servizos respecto do lugar, tempo, prezo e demais condicións acordadas nos contratos.

i) A non prestación ou prestación deficiente dos servizos debidos, sempre que lle cause un grave prexuízo ó cliente.

l) Non expedir factura ou xustificante de pagamento polos servizos prestados naqueles establecementos nos que regulamentariamente se esixa e cando, en todo caso, o cliente o solicite, así como a facturación de conceptos non incluídos nos servizos prestados.

m) Percibir prezos superiores ós exhibidos ou notificados ó cliente ou percibir prezos por servizos que, en virtude da normativa turística, non sexan susceptibles de cobramento.

n) O trato incorrecto ó cliente nos supostos manifestamente ofensivos.

ñ) Reservar prazas en número superior ás dispoñibles.

o) Incumpri-la normativa vixente en materia de insonorización.

p) Incumpri-la normativa vixente sobre accesibilidade ós establecementos por parte das persoas discapacitadas.

q) A información ou publicidade dos bens ou servizos que induzan a erro ou confusión no consumidor ou usuario turístico.

r) A negativa ou resistencia a facilitar as follas de reclamacións no momento de ser solicitadas, mesmo se a reclamación se fundamenta na denegación de acceso ó local ou na non prestación do servizo solicitado.

s) Non manter vixentes e debidamente actualizados o capital social, as fianzas e os seguros ós que obriga a normativa turística.

t) A prohibición do libre acceso e a expulsión dos clientes do establecemento, cando estas sexan inxustificadas consonte á presente Lei.

u) Contratar con empresas e establecementos que non posúan o preceptivo título administrativo habilitante turístico para o exercicio da súa actividade.

v) Vender ou alugar parcelas nos campamentos de turismo.

x) A reincidencia na comisión de faltas leves.

Art. 72: Infraccións moi graves

Considéranse infraccións administrativas de carácter moi grave:

- a) Utiliza-las axudas económicas outorgadas pola Administración turística para fins distintos daqueles para os que foron concedidas.
- b) A oferta ou a prestación de servizos turísticos que conteñan como elemento de reclamo aspectos que vulneren os dereitos fundamentais ou as liberdades públicas.
- c) Vulnera-lo dereito á intimidade do cliente.
- d) A reincidencia na comisión de faltas graves.

Art. 73: Reincidencia

Consonte ó previsto na lexislación do procedemento administrativo común, enténdese por reincidencia a comisión dunha infracción da mesma natureza á que motivou a sanción anterior no prazo do ano seguinte á notificación desta. En todo caso, requirirase que a primeira resolución adquira firmeza na vía administrativa.

Art. 74: Prescrición das infraccións

1. As infraccións tipificadas na presente Lei prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As infraccións de carácter leve, ó ano.
- b) As infraccións de carácter grave, ós dous anos.
- c) As infraccións de carácter moi grave, ós tres anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día no que a infracción se cometese ou dende o día no que cese a conduta infractora, se esta tivese carácter continuado no tempo.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento formal do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó presunto responsable.

Sección 3ª**Sancións****Art. 75: Determinación das sancións**

1. As infraccións tipificadas na presente Lei serán sancionadas:

- a) As infraccións leves, con apercibimento ou multa de ata 900 euros. O grao mínimo desta multa abarca ata 300 euros, o grao medio de 301 a 600 euros e o grao máximo de 601 a 900 euros.

b) As infraccións graves, con multa de 901 ata 9.000 euros. O grao mínimo desta multa abarca de 901 a 3.600 euros, o grao medio de 3.601 a 6.300 euros e o grao máximo de 6.301 a 9.000 euros.

c) As infraccións moi graves, con multa de 9.001 ata 90.000 euros. O grao mínimo desta multa abarca de 9.001 a 36.000 euros, o grao medio de 36.001 a 63.000 euros e o grao máximo de 63.001 a 90.000 euros.

As contías das sancións de multa poderán ser actualizadas periodicamente polo Consello da Xunta, pero en ningún caso a elevación porcentual que se fixe na dita actualización poderá supera-la experimentada polo índice xeral de prezos ó consumo na Comunidade Autónoma de Galicia dende a entrada en vigor desta Lei ou a anterior revisión das contías.

2. Asemade, poderanse impoñe-las seguintes sancións accesorias ás multas:

a) Suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional.

No caso de que se produza reiteración de infraccións graves e cando a comisión dunha infracción cualificada como grave supoña un notorio prexuízo para a imaxe turística de Galicia, un desprestixio da profesión turística ou un dano irreparable para o usuario, poderase impoñer unha sanción de ata seis meses de suspensión da actividade ou do exercicio profesional.

No caso de que se produzan infraccións moi graves, a sanción de suspensión poderá ser de seis meses e un día a un ano.

b) Clausura definitiva do establecemento ou revogación do título administrativo habilitante para o exercicio da actividade.

Poderase acorda-la imposición desta sanción nas infraccións moi graves que supoñan un notorio prexuízo para a imaxe turística de Galicia, un desprestixio evidente para a profesión ou un dano irreparable para o usuarios.

c) Perda da posibilidade de obter subvencións e outras axudas económicas da Administración durante un prazo de ata cinco anos.

Esta sanción imporase como accesorio á de multa na infracción moi grave consistente en utiliza-las axudas económicas outorgadas pola Administración turística para fins distintos daqueles para os que foron concedidas, sen prexuízo da obriga de reintegro das axudas recibidas.

Art. 76: Gradación das sancións

1. Para a gradación das sancións consideraranse especialmente os seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade do suxeito infractor.

b) A categoría da empresa turística.

c) A reiteración nas condutas infractoras.

d) O incumprimento dos prazos e requisitos concedidos para a corrección das deficiencias detectadas polos Inspectores de Turismo.

- e) A corrección voluntaria, antes ou durante a tramitación do procedemento, das deficiencias detectadas e dos danos e prexuízos causados.
- f) Os prexuízos causados ós particulares.
- g) O beneficio ilícito obtido.
- h) A transcendencia social da infracción.
- i) As repercusións negativas para o sector turístico e a imaxe turística de Galicia.

2. De conformidade cos criterios establecidos no apartado anterior, as sancións de multa poderanse impoñer nos seus graos mínimo, medio ou máximo. Asemade, cando a comisión da infracción supoña un resultado máis beneficioso para o infractor que o cumprimento da norma vulnerada, considerarase esta circunstancia como agravante para a imposición da sanción de multa no seu grao máximo.

Art. 77: Publicidade das sancións

As sancións por infraccións moi graves e as sancións por infraccións graves que comporten a suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional serán publicadas no Diario Oficial de Galicia.

Art. 78: Inscrición das sancións

As sancións administrativas impostas polas infraccións tipificadas nas presente Lei anotaranse no Libro-Rexistro de Sancións.

Art. 79: Prescrición das sancións

1. As sancións previstas nesta Lei prescribirán:

- a) As impostas por infraccións leves, ó ano.
- b) As impostas por infraccións graves, ós dous anos.
- c) As impostas por infraccións moi graves, ós tres anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento formal do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Art. 80: Órganos competentes para a imposición de sancións

1. A competencia ordinaria para impoñer as sancións previstas na presente Lei corresponde:

a) Nas infraccións leves, ós Delegados Provinciais da Consellería competente en materia de turismo.

b) Nas infraccións graves, ó titular do órgano directivo correspondente na Consellería competente en materia de turismo.

c) Nas infraccións moi graves, ó Conselleiro competente en materia de turismo.

2. No caso de que as sancións de multa se acompañen das accesorias de suspensión da actividade turística ou do exercicio profesional ou de clausura definitiva do establecemento ou revogación do título administrativo habilitante para o exercicio da actividade, a competencia sancionadora corresponderá:

a) Nas infraccións graves, ó Conselleiro competente en materia de turismo.

b) Nas infraccións moi graves, ó Consello da Xunta, a proposta do Conselleiro competente en materia de turismo.

Sección 4ª

Procedemento sancionador

Art. 81: Regulación do procedemento sancionador

En todo o non previsto pola presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, a tramitación do procedemento sancionador axustarase ós principios e ó procedemento establecidos con carácter xeral na normativa autonómica galega sobre o exercicio da potestade sancionadora e, en defecto da mesma, na normativa estatal sobre a materia.

Art. 82: Conciliación e subsanación

1. Previa ou simultaneamente á tramitación do procedemento sancionador, o órgano competente para a incoación deste ofrecerá ó presunto infractor a posibilidade de repara-los prexuízos causados ou de corrixi-las irregularidades administrativas nas que tivese incorrido.

2. A conciliación voluntaria para a reparación dos prexuízos causados ós consumidores ou usuarios por parte dos titulares de actividades turísticas só se poderá intentar naqueles supostos nos que prime un interese privado e este sexa cuantificable.

Producirá os mesmos efectos que a conciliación voluntaria o sometemento das partes ó Sistema Arbitral de Consumo ou ós procedementos arbitrais que a Administración turística poida instituír consonte ó previsto nesta Lei.

3. A subsanación das irregularidades administrativas só será admisible cando o permita a entidade da infracción e do prexuízo que a mesma producise.

4. A conciliación e a subsanación plena comportarán o arquivo das actuacións ou a atenuación das sancións, atendendo á natureza e gravidade dos prexuízos causados. A subsanación parcial unicamente poderá dar lugar á atenuación das sancións.

5. A tramitación dos procedementos de conciliación e a subsanación interromperán a prescrición das infraccións e o cómputo do prazo para resolver os procedementos sancionadores.

Art. 83: Incoación do procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador por infraccións tipificadas na presente Lei iniciarase de oficio, por acordo do órgano competente adoptado:

- a) Por propia iniciativa.
- b) Por acta de infracción levanta pola Inspección turística.
- c) Por orde superior.
- d) Por comunicación da autoridade ou do órgano administrativo que teña coñecemento da posible infracción.
- e) Por denuncia formulada por organizacións profesionais do sector turístico, organizacións de consumidores e usuarios ou particulares. Para estes efectos, as follas de reclamación terán a consideración de denuncia formal.

2. A competencia para a incoación do procedemento sancionador corresponderá ós Delegados Provinciais da Consellería competente en materia de turismo.

3. Previamente á incoación do procedemento sancionador, o órgano competente para a mesma poderá acorda-la realización de cantas actuacións sexan necesarias co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen a súa iniciación.

4. O acordo de incoación comunicarase ó instrutor, con traslado de cantas actuacións se tivesen realizado, e notificarase ó denunciante e ós interesados no procedemento.

5. Terán a condición de interesados nos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas nesta Lei, ademais dos presuntos responsables das infraccións, as persoas directamente prexudicadas polas mesmas.

Art. 84: Medidas provisionais

1. En calquera momento do procedemento sancionador, o órgano competente para a súa incoación poderá acorda-la adopción das medidas de carácter provisional que resulten necesarias para asegura-la eficacia da resolución final, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e protexe-las esixencias dos intereses xerais.

2. En particular, se os feitos que deron lugar a incoación do procedemento sancionador consistisen no desenvolvemento dunha actividade turística sen contar co preceptivo título administrativo habilitante, ou incumprindo requisitos normativamente establecidos de xeito que se produza

un grave risco para a saúde ou a seguridade dos consumidores ou usuarios, adoptarase como medida provisional o pechamento do establecemento ou a suspensión da actividade, de non terse acordado xa a medida antes da iniciación do expediente nos termos previstos por esta Lei.

Art. 85: Resolución do procedemento sancionador

1. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución do procedemento sancionador será dun ano desde a data do acordo de incoación. Logo de transcorre-lo devandito prazo sen que se notificase a correspondente resolución, producirase a caducidade do procedemento nos termos e cos efectos previstos na lexislación do procedemento administrativo común.

2. Se as condutas sancionadas lle tivesen causado danos ou perdas á Administración, a resolución do procedemento poderá impoñer ó infractor a reposición ó seu estado orixinario da situación alterada pola infracción e a indemnización dos danos e perdas causados.

3. Se a sanción viñese motivada pola falta de adecuación da actividade ou establecemento ós requisitos establecidos pola normativa vixente, a resolución sancionadora incluírá un requirimento, con expresión de prazo suficiente para o seu cumprimento, para que o sancionado leve a cabo as actuacións necesarias para regulariza-la situación da actividade ou establecemento do que é titular.

Art. 86: Execución das resolucións sancionadoras

1. A execución das resolucións sancionadoras, unha vez que poñan fin á vía administrativa, corresponderá ó órgano competente para a incoación de procedemento.

2. Nos casos nos que a resolución sancionadora inclúa un requirimento para que o sancionado leve a cabo as actuacións necesarias para regulariza-la situación da actividade ou establecemento do que é titular, o órgano competente para a execución poderá impoñerlle a aquel multas coercitivas dun dez por cento da contía da sanción por cada día que pase dende o vencemento do prazo outorgado para o cumprimento do requirimento sen que se realizen as actuacións ordenadas.

TÍTULO IX DA ARBITRAXE

Art. 87: Mediación

1. Mediante a mediación as persoas físicas e xurídicas poderán someter voluntaria e expresamente á decisión dun ou varios árbitros a resolución dos conflitos que poidan xurdir en relación coas materias reguladas nesta lei.

2. A Administración turística da Comunidade Autónoma de Galicia poderá crear mecanismos de mediación, de conformidade co establecido na lexislación vixente sobre a materia.

Disposición adicional primeira: Consello Regulador do Turismo

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei constituirase o Consello Regulador do Turismo

En tanto non se cree o Consello Regulador do Turismo, as súas funcións serán asumidas polo Consello Galego de Turismo previsto na Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo de Galicia.

Disposición adicional segunda: Concellos turísticos.

Os Concellos que á entrada en vigor desta lei tivesen acadado a cualificación de “concellos turísticos” manterana, sempre e cando cumpran os requisitos previstos na mesma.

Disposición transitoria primeira: Adaptación dos establecementos turísticos ás novas categorías.

En tanto no se desenvolva regulamentariamente o disposto na presente Lei, será de aplicación ás empresas e actividades turísticas a normativa actualmente vixente.

Disposición transitoria segunda: Procedementos sancionadores iniciados antes da entrada en vigor da presente Lei.

Os procedementos sancionadores iniciados antes da entrada en vigor da presente Lei tramitaranse e resolveranse consonte ó establecido na Lei do Parlamento de Galicia 9/1997, de 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, e as súas disposicións de desenvolvemento.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, así como cantas disposicións de igual e inferior rango se opoñan ao disposto na presente Lei.

Disposición final primeira: Modificacións da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia.

1. O apartado 2 letra e) do artigo 33 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural queda redactado do seguinte xeito:

“Construcións e rehabilitacións destinadas ou vinculadas ao turismo e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen”

2. O apartado 2) do artigo 38 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural queda redactado do seguinte xeito

“Os relacionados no apartado 2, letras a), d), e) e f) do artigo 33 desta lei, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio”.

Disposición final segunda: Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Autorízase ao goberno para ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente Lei sexan precisas.

No prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor aprobaranse a totalidade dos desenvolvementos regulamentarios previstos na presente lei.

Disposición final terceira: Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.